

BASES DE SELECCIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “RESPIRA FISTERRA” PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO 2025

O programa “Respira Fisterra” é unha oferta lúdico-educativa durante o período vacacional. O Concello de Fisterra trata de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos tempos persoais, laborais e familiares así como a incorporación da perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nas nenas e nenos participantes nesta actividade.

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes do presente programa.

2. PERSOAS DESTINATARIAS:

A poboación destinataria son as crianzas empadroadas no Concello de Fisterra, con idades comprendidas entre os 3 e ata os 16 anos (ambos incluídos) matriculados en Educación Infantil, Primaria e Secundaria no curso 2024-2025.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facer constar esta circunstancia no apartado que figura no anexo da solicitude, co fin de acceder ás prazas reservadas para esta condición.

O incumprimento dos requisitos aquí sinalados impedirá a participación da persoa solicitante no programa.

3. LUGAR, PERÍODO DE REALIZACIÓN, PRAZAS OFERTADAS E HORARIO:

O Programa Respira desenvolverase no I.E.S. Fin do Camiño de Fisterra de luns a venres, durante o mes de xullo, excepto festivos.

O horario do programa será de mañá, de 10:00 a 14:00 horas. Estará dirixido a nenas e nenos de 3 a 16 anos, familias de nenas e nenos con necesidades de conciliación e/ou apoio socioeducativo no verán. O número de participantes será de 90 nenas/nenos.

Do total das prazas resérvanse un mínimo de 2 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ó 33% en función da demanda e das circunstancias individuais dos mesmos. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente. A maiores a asignación destas prazas poderase apoiar a través dun informe técnico dos servizos sociais tendo en conta os beneficios vinculados ao feito de participar nas actividades que se van a desenvolver. No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, pasarán a acumularse ao resto das prazas.

4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para outorgar as prazas terase en conta os seguintes criterios, pola seguinte orde:

1º Familias con menores empadroados no Concello de Fisterra.

2º Familias empadroadas que no período non lectivo de verán teñen ao seu cargo menores non empadroados, cuxas persoas proxenitoras/titoras/acolledoras dos/as menores, se atopan traballando no período solicitado e que residen fóra da vila, aportando a documentación acreditativa.

3º Familias non empadroadas, con preferencia aquelas onde algún dos proxenitoras/titoras/acolledoras dos/as menores, teñen o seu centro de traballo dentro do municipio.

No caso de que as solicitudes non superen o número de prazas ofertadas realízase a adxudicación directa ás persoas solicitantes.

No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, asígnarase a praza en función da maior puntuación obtida seguindo os criterios indicados no cadro seguinte. En caso de producirse empates nas puntuacións, éstas serán asignadas en función do menor nivel de renda económica.

De ser necesario, realízase unha lista de agarda seguindo esta mesma orde de preferencia, en primeiro lugar por puntuación, en caso de empate: menor renda.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
SITUACIÓN LABORAL	
Por ambos proxenitores/titores/acolledores con relación laboral en horario de mañá e/ou noite. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor. Inclúese neste epígrafe a asistencia a cursos de formación impartidos dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas; e/ou a promesa de contrato de traballo con compromiso de acreditar o contrato de traballo ao inicio do programa.	10
Unidades familiares nas que un só dos proxenitores/titores/acolledores teña relación laboral en horario laboral coincidente co desenvolvemento da actividade (incompatible coa puntuación do apartado anterior)	5
Persoas en situación de desemprego de longa duración (acreditada documentalmente).	1
SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR	
Víctimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller (acreditada documentalmente)	3
Unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados (acreditada documentalmente)	2
Familias con rendas inferiores a 3 veces o IPREM	3
Calquera outra situación na unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral (acreditada)	2

mediante informe emitido polos Servizos Sociais)	
Familias numerosas (acreditada documentalmente)	3
Discapacidade da persoa participante igual ou superior ó 33%	2
Familias monoparentais (acreditada documentalmente ou declaración)	3

Para a valoración das situación anteriores terase en conta as seguintes circunstancias:

- Considéranse membros da unidade familiar as persoas que figuren empadroadas no mesmo domicilio que os e as crianzas e garden con él/a as seguintes relación de parentesco:
 - Nai, pai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do ou da menor.
 - Irmáns ou irmás da crianza, menores de idade ou maiores, que continúen empadroados no mesmo domicilio.

Considérase o domicilio familiar aquel que figure no padrón de habitantes.

No caso de que a custodia do/a menor sexa exercida por ambos proxenitores serán obxecto de valoración os ingresos de ambos, computándose os dous como membros da unidade familiar.

No caso de que a custodia do menor sexa exercida ou estea atribuída a un único proxentitor, serán obxecto de valoración os ingresos do proxentitor custodio. Aportaranse as medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.

En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambos proxenitores salvo que se presentara polo proxentitor que figura como representante legal do menor na solicitude desta axuda, demanda para o establecemento de medidas paterno filiais.

Os requisitos deben cumprirse na data de presentación de solicitudes, só serán valorados documentos con data anterior ou igual á finalización do período de presentación.

Para xustificar outras situación da unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral será perceptivo o informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola/s interesada/s (nai, pai e/ou titor/a legal) segundo o modelo específico (ANEXO 1). A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante organismos ou entidades correspondentes.

Documentación básica a presentar:

- Formulario de solicitude (Anexo 1)
- Fotocopia do DNI/NIE da/s persoa/s solicitante/s (nai, pai, titor/a legal)
- Fotocopia da tarxeta sanitaria de cada menor
- Autorización para que a administración local poida comprobar os datos no padrón municipal (ANEXO I) ou volante de empadramento conxunto da persoa residente no Concello de Fisterra
- Xustificante dos ingresos dos membros da unidade familiar (declaración da renda 2023 de todos os membros se é conxunta, ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria).
- Informe de empresa ou empregador/a conforme ambos proxenitores, ou a/s persoa/s que ostente/n a custodia traballa/n no período solicitado para o “RESPIRA FISTERRA”.
- Vida laboral actualizada

Documentación a presentar segundo circunstancias sociofamiliares:

- No caso de familia monoparental, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou no caso de non dispoñelo no período de presentación de solicitudes: achegar sentenza xudicial de atribución de custodia completa, ou libro de familia nos casos de proxenitor único.
- No caso de separación ou divorcio, acreditación de estar ó cargo do menor no período solicitado.
- No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa
- No caso de vítima de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- No caso situación de desemprego de longa duración, informe do Servicio Público de Emprego.
- No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe dos servizos sociais que acredite dita situación.
- Informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais que respalde a necesidade de participación no campamento ou respalde unha situación de vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes poderán presentarse dende o día 23 ao 26 de xuño (ambos inclusive), a través da instancia de solicitude conforme ao modelo que figura no anexo 1, na que se solicita participar no programa RESPIRA, asinado pola persoa solicitante (nai/pai/titor/a) no que se especificará o nome do menor (cubrir un impreso por cada menor), acompañado pola documentación correspondente. Deberán presentarse no Rexistro municipal no horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a xoves, ou na sede electrónica do Concello de Fisterra, en calquera día e hora dentro do prazo de presentación de solicitudes. Ademais, poderán cursarse polos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do PACAP.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos. Concederáse un prazo de 2 días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións. Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades do campamento.

Neste último caso, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos todos aqueles que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria.

As listaxes de solicitudes admitidas e excluídas, con expresión dos motivos da exclusión, así como a listaxe definitivo e/ou de reserva (de ser o caso), serán publicadas na páxina web municipal e na sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal/sxc/gl/>.

7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. As crianzas que acudan ao Programa Respira NON DEBEN de ter ningunha enfermidade infecto contaxiosa, nin tampoco febre e/ou vómitos.
2. As/os monitoras/es NON ADMINISTRARÁN ningún tipo de medicamento
3. Os horarios de entrada e saída deben respectarse en todo momento, coa finalidade de non interromper as actividades unha vez comezadas, polo que se prega a maior puntualidade posible.
4. A entrega e recollida das crianzas farase na entrada do recinto ou onde o/ monitor/a o indiquen.
5. Recoméndase o uso de ropa e calzado cómodo e gorra.

6. É recomendable poñerlle crema de protección solar, antes de saír da casa.

7. Deberán traer algo de merenda e unha botella de auga.

8. Si existen TRES FALTAS SEN XUSTIFICAR, serán motivo de ANULACIÓN DA PRAZA.

9. No caso de alguna emerxencia médica, COMUNICARASE INMEDIATAMENTE Á FAMILIA, a través dos teléfonos de contacto que consten na solicitude. No caso de que a emerxencia fose grave, avisaríase primeiramente, ós servizos médicos de urxencias. Acudirán ao servizo médico acompañados por un/ha monitor/a.

8. BAIXA NO PROGRAMA

Produciranse baixas no programa polas seguintes causas:

. Disentimento, é decir, baixa voluntaria do/a beneficiario/a no programa por renuncia expresa dos seus proxenitores ou titores/as legais mediante presentación do Anexo II.

. Existencia de tres faltas sen xustificar.

9. TRATAMENO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, informáselle que o CONCELLO DE FISTERRA, con CIF P1503800C e domicilio en rúa SANTA CATALINA,1-15155, FISTERRA (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento dos datos de carácter persoal facilitados así como a documentación achegada, e serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais ao cal van dirixidas as solicitudes aquí adxuntas. A finalidade do tratamento é a xestión da súa inclusión no programa municipal “Respira Fisterra” para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art. 6.1 e) do RXPDP: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e

oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Fisterra no enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal> adxuntando copia dun documento oficial que o identifique. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@concellofisterra.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/politica_privacidade/gl

ANEXO 1: SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE:

NOME E APELIDOS:	
DATA DE NACEMENTO:	
ALERXIAS OU EMERMIIDADES:	☐ SI (Acreditadas por informe médico) ☐ NON
DISCAPACIDADE	☐ SI (Achea certificado discapacidade) ☐ NON
EMPADROAMENTO EN FISTERRA	☐ SI ☐ NON
CURSO ESCOLAR E COLEXIO	

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

SOLICITANTE : NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	
TRABALLO NO HORARIO E PERÍODO SOLICITADO:	☐ SI ☐ NON



RELACIÓN DE PERSOAS AUTORIZADAS Á RECOLLIDA DA PERSOA PARTICIPANTE

(Diferente á persoa solicitante)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE

En Fisterra a de 2025

Asinado:*

* Ao asinar o documento ratifico que conto co consentimeto e coñecemento da outra parte solicitante nai/pai/titor/a legal da persoa solicitante.

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, informáse que o CONCELLO DE FISTERRA, con CIF P1503800C e domicilio en en rúa SANTA CATALINA,1-15155, FISTERRA (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento dos datos de carácter persoal facilitados así como a documentación achegada, e serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais ao cal van dirixidas as solicitudes aquí adxuntas. A finalidade do tratamento é a xestión da súa inclusión no programa municipal “Respira Fisterra” para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art. 6.1 e) do RXPd: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. As

persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Fisterra no enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal> adxuntando copia dun documento oficial que o identifique. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@concellofisterra.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/politica_privacidade/gl

AUTORIZACIÓNS:

Autorízase a comprobación dos datos da unidade familiar no padrón municipal do concello de Fisterra	☐ SI ☐ NON
Autorízase ao concello de Fisterra a publicar (páxina web institucional, redes sociais, prensa) fotografías da persoa participante no “RESPIRA FISTERRA 2025”, coa finalidade da divulgación do evento.	☐ SI ☐ NON
Autorízase a que a persoa participante poida facer alguna saída fora do recinto onde se desenvolva a actividade, previa comunicación por parte do monitorado	☐ SI ☐ NON
Autorízase a calquera das/os monitoras/es a acompañar á persoa solicitante, en caso de emerxencia médica.	☐ SI ☐ NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE:

- ☐ DNI/NIE das persoas solicitantes (*nai/pai/titor/a legal*)
- ☐ Tarxeta sanitaria da persoa participante
- ☐ Volante de empadramento no Concello de Fisterra (no caso de non autorizar a súa consulta)
- ☐ Xustificante dos ingresos dos membros da unidade familiar (declaración da renda 2023 de todos os membros se non é conxunta, ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES (de ser o caso):

- ☐ No caso de persoas con discapacidade, fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.
- ☐ No caso de familia monoparental, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia, sentenza xudicial de atribución de custodia completa ou libro de familia nos casos de proxenitor único.
- ☐ No caso de familia numerosa, copia do título que o acredite
- ☐ No caso de vítima de violencia de xénero, documento acreditativo
- ☐ En caso de situación de desemprego de longa duración, achegar certificado emitido polo servicio Público de Emprego.
- ☐ No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe dos servizos sociais que acredita dita situación
- ☐ De ser o caso, informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais que respalde a necesidade de participación no programa ou respalde unha situación de vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral.
- ☐ No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegarse un informe médico onde conste a diagnose e as actuación previa ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

En Fisterra a de de 2025

Asinado: _____

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, informáse que o CONCELLO DE FISTERRA, con CIF P1503800C e domicilio en en rúa SANTA CATALINA,1-15155, FISTERRA (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento dos datos de carácter persoal facilitados así como a documentación achegada, e serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais ao cal van dirixidas as solicitudes aquí adxuntas. A finalidade do tratamento é a xestión da súa inclusión no programa municipal “Respira Fisterra” para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art. 6.1 e) do RXPd: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos

termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Fisterra no enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal> adxuntando copia dun documento oficial que o identifique. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@concellofisterra.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/politica_privacidade/gl

ANEXO II- FOLLA DE BAIXA

PROGRAMA MUNICIPAL PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN. RESPIRA 2025

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

SOLICITANTE: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELEFONO DE CONTACTO:	

SOLICITO:

A baixa no programa de Conciliación “RESPIRA 2025” da persoa participante cos seguintes datos:

NOME E APELIDOS:

En Fisterra, de 2025

Asinado:

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, informáse que o CONCELLO DE FISTERRA, con CIF P1503800C e domicilio en en rúa SANTA CATALINA,1-15155, FISTERRA (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento dos datos de carácter persoal facilitados así como a documentación achegada, e serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais ao cal van dirixidas as solicitudes aquí adxuntas. A finalidade do tratamento é a xestión da súa inclusión no programa municipal “Respira Fisterra” para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art. 6.1 e) do RXPd: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e



CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE IGUALDAD



Concello de
Fisterra

só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Fisterra no enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal> adxuntando copia dun documento oficial que o identifique. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@concellofisterra.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/politica_privacidade/gl